



Fundación
Pedro Barrié
de la Maza




Patrimonio Vivo

COÑECER PARA CONSERVAR

Morcegos de Galicia é un grupo de traballo de **Drosera**, unha asociación científica sen ánimo de lucro que traballa na conservación do Patrimonio Natural de Galicia dende unha perspectiva científica. Drosera conta cunha ampla experiencia en proxectos de bioloxía da conservación, algúns deles en colaboración con entidades como a Fundación Territori i Paisatge, Xunta de Galicia ou a Fundación Biodiversidad, entre outras.

DISTRIBUCIÓN DA ESPECIE EN GALICIA



PROXECTO HIPPOS



proxecto de estudo
e conservación do
MORCEGO
de ferradura
pequeno

Morcegos de Galicia é un grupo de traballo de **Drosera**
info@morcegosdeg Galicia.org | www.morcegosdeg Galicia.org
Pdo. Magdalena, G-2, 2º esq. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tlf. 670514888



QUEN É HIPPOS?

O nome de **Proxecto Hippos** provén do nome científico da especie obxecto deste programa: o *Rhinolophus hipposideros*, ou *Morcego de ferradura pequeno*, e ao cal os investigadores do proxecto denominan cariñosamente Hippos. Estamos ante unha das especies de morcegos máis ameazadas de Europa. As súas poboacións reducíronse de xeito dramático nos últimos anos chegando a desaparecer en varios países. Os resultados do **Proxecto Hippos** contribuirán á conservación da especie en Galicia e servirán de apoio aos lugares nos que hai presenza deste quíroptero.

O **Proxecto Hippos** é unha iniciativa de **Morcegos de Galicia** que conta co apoio financeiro da **Fundación Pedro Barrié de la Maza** a través do seu programa **Patrimonio Vivo**. Grazas a esta colaboración é posible poñer as máis modernas técnicas de bioloxía molecular e análise xeográfica ao servizo da conservación do Patrimonio Natural Galego nun traballo pioneiro e novidoso sobre o morcego de ferradura pequeno. A participación de centros de excelencia internacional como a Estación Biolóxica de Doñana e a Universidade de Ulm, en Alemaña, avalan o carácter científico do proxecto.

UN MORCEGO CON FERRADURA

Con apenas cinco gramos de peso e trinta centímetros de envergadura, o *Rhinolophus hipposideros* é un morcego pequeno pero moi especial. Chega a vivir vinte anos, unha idade considerable para un animal destas características. Aliméntanse exclusivamente de pequenos insectos como escaravellos, avelaíñas e mosquitos, que son potenciais pragas de cultivos e bosques. O seu nome fai referencia ao seu característico nariz, con forma de ferradura.



UN VECIÑO CERCANO

Hai moita xente que ten unha colonia destes morcegos en casas da súa propiedade, xa que adoita habitar edificacións abandonadas ou con pouco uso. Amosan unha forte tendencia a retornar ano tras ano ao mesmo refuxio para criar, polo que é moi probable que unha colonia que habite unha casa leve xeracións formando parte da vida do lugar, de xeito similar ás persoas que alí viven e viviron.

Se temos unha colonia de hippos na casa debemos ter presente que se trata dunha especie protexida, sensible e moi beneficiosa para a conservación do equilibrio natural. Non debemos expulsar ou capturar os morcegos, especialmente nos meses de xuño a setembro —o período de cría—. O que debemos facer é informar da súa presenza

ao equipo de Morcegos de Galicia para que sexan os expertos os que podan orientar aos propietarios sobre como actuar.

